

ACTA DA CONSULTA ONLINE DA XUNTA DIRECTIVA DA F.G.P. **04-01-2017**

Con data catro de xaneiro de dous mil dezasete, realizouse unha consulta online a Comisión Delegada da Federación Galega de Piragüismo con resposta d@s directiv@s que se adxuntan:

Presidente	D. José Alfredo Bea García.
Vicepresidente 1º	
Vicepresidente 2º - Delegado de Pontevedra	D. Angel Barreiro Barreiro.
Responsable árbitros	D. Darío Tiago López.
Responsable Kaiak de Mar	D. Carlos Besada Rico.
Responsable Slalom/Augas Bravas	D. Elias Aaron Rey Núñez.
Delegado Provincial Lugo	D. Martín Carballo Méndez.
Delegado Provincial Ourense	D. José M. Fernández Ortega.
Delegado Provincial A Coruña	D. Francisco C. Rodríguez Romero.
Responsable de Prensa	D. Rubén Tobio Eiras.
Vocal 1º	D. Gustavo Adolfo Marcelino Canosa
Vocal 2º	Dona Araceli Menduiña Santome.
Representante Deportistas	D. Oscar Graña Blanco.
Asesor Presidente	D. Jaime Corral Barreiro.
Secretario (con voz, pero sen voto)	D. Félix José Lamas Gondar.
Tesoureiro (con voz, pero sen voto)	D. Marcos Cid Pérez.

- En gris, non responderon.

Ponse a consulta dos membr@s da Xunta Directiva as propostas que fixo chegar o Comité de Kaiak de Mar (celebrado o 30 de decembro de 2016), de cara a ser incluídas no regulamento específico de esta modalidade.

1º Que a embarcación K-2 mixta, puntue o 50% para a Liga Feminina e para a Liga Masculina.

Este punto é rechazado con seis votos en contra e un so a favor (Carlos Besada).

2º Que a participación nas regatas Oceánicas (tipo A Lanzada Ocean Race) sexán só para deportistas maiores de idade.

Este punto aprobouse por unanimidade.

E sin máis asuntos que tratar, dase por finalizada a data de 04 de xaneiro de 2017.

Visto e Prace Presidente.

Asdo. Félix José Lamas Gondar.

José Alfredo Bea García.

Secretario.

ACTA DA CONSULTA ONLINE DA XUNTA DIRECTIVA DA F.G.P. **13-01-2017**

Con data trece de xaneiro de dous mil dezasete, realizouse unha consulta online a Comisión Delegada da Federación Galega de Piragüismo con resposta d@s directiv@s que se adxuntan:

Presidente	D. José Alfredo Bea García.
Vicepresidente 1º	
Vicepresidente 2º - Delegado de Pontevedra	D. Angel Barreiro Barreiro.
Responsable árbitros	D. Darío Tiago López.
Responsable Kaiak de Mar	D. Carlos Besada Rico.
Responsable Slalom/Augas Bravas	D. Elias Aaron Rey Núñez.
Delegado Provincial Lugo	D. Martín Carballo Méndez.
Delegado Provincial Ourense	D. José M. Fernández Ortega.
Delegado Provincial A Coruña	D. Francisco C. Rodríguez Romero.
Responsable de Prensa	D. Rubén Tobio Eiras.
Vocal 1º	D. Gustavo Adolfo Marcelino Canosa
Vocal 2º	Dona Araceli Menduiña Santomé.
Representante Deportistas	D. Oscar Graña Blanco.
Asesor Presidente	D. Jaime Corral Barreiro.
Secretario (con voz, pero sen voto)	D. Félix José Lamas Gondar.
Tesoureiro (con voz, pero sen voto)	D. Marcos Cid Pérez.

- En gris, non responderon.

1º Aprobación do logo e rexistro de marca de "SENDEROS DE AGUA", que tería os mesmos fins que as "BasesKDM", pero para augas de interior: ríos, encoros, etc (o logo sería o que ven na parte de abaixo).

Aprobouse por unanimidade.

2º Para o voso coñecemento enviamos o "Guión da Gala 2016".

@s membr@s da X.D. danse por enterados.

E sin máis asuntos que tratar, dase por finalizada a data de 13 de xaneiro de 2017.

Visto e Prace Presidente.

Asdo. Félix José Lamas Gondar.

José Alfredo Bea García.

Secretario.

ACTA DA CONSULTA ONLINE DA XUNTA DIRECTIVA DA F.G.P. **20-01-2017**

Con data vinte de xaneiro de dous mil dezasete, realizouse unha consulta online a Comisión Delegada da Federación Galega de Piragüismo con resposta d@s directiv@s que se adxuntan:

Presidente	D. José Alfredo Bea Garcia.
Vicepresidente 1º	
Vicepresidente 2º - Delegado de Pontevedra	D. Angel Barreiro Barreiro.
Responsable árbitros	D. Antonio Romero Vila.
Responsable Kaiak de Mar	D. Carlos Besada Rico.
Responsable Slalom/Augas Bravas	D. Elias Aaron Rey Núñez.
Delegado Provincial Lugo	D. Martín Carballo Méndez.
Delegado Provincial Ourense	D. José M. Fernández Ortega.
Delegado Provincial A Coruña	D. Francisco C. Rodríguez Romero.
Responsable de Prensa	D. Rubén Tobio Eiras.
Vocal 1º	D. Gustavo Adolfo Marcelino Canosa
Vocal 2º	Dona Araceli Menduiña Santome.
Vocal 3º	D. Darío Tiago López.
Representante Deportistas	D. Oscar Graña Blanco.
Asesor Presidente	D. Jaime Corral Barreiro.
Secretario (con voz, pero sen voto)	D. Félix José Lamas Gondar.
Tesoureiro (con voz, pero sen voto)	D. Marcos Cid Pérez.

- En gris, non responderon.
- Incorporación como membro da Xunta Directiva, D. Antonio Romero Vila, na súa condición de responsable dos árbitros, tras ser elixido como Presidente do Comité de Árbitros.
- O anterior responsable dos árbitros, D. Darío Tiago López, continúa como membros da Xunta Directiva como vocal.

1º PROPOSTA DE MODIFICACIÓNS DOS REGULAMENTOS DAS LIGAS, PRESENTADAS POLO COMITÉ DE ÁRBITROS (ANEXO I). PARA A SÚA POSTERIOR RATIFICACIÓN POLA COMISIÓN DELEGADA.

Na Asambleira da F.G.P. do 14-01-2017, foron aprobados os regulamentos para as Ligas de 2017, anunciando o Presidente que quedaba pendente de incorporar as posibles modificacións pola proposta realizada polo Comité de Árbitros. Proposta que sería estudada pola Xunta Directiva e logo aprobada definitivamente pola Comisión Delegada.

Alfredo Bea: Todo perfecto menos o punto que fai referencia a o punto das sancións por irregularidades, xa que considera que non é normal que un club sexa descalificado por una irregularidade que realice un deportista. E que esta norma implementouse no seu día para que non incumprirán as normas os propoís club.
Ok a todas as modificacións, menos a este punto.

Francisco C. Rodríguez Romero: considera que o tempo de penalización que se aplica nos avisos @s deportistas na liña de saída e moi alta, e que coa metade de tempo sería de abondo.

Félix Lamas: recorda a necesidade de votar si se permite ou non a utilización de: reloxos, GPS, cámaras, etc.

Alfredo Bea: De acordo con permitir o uso.

Carlos Besada: amosase de acordo tanto na utilización de aparatos electrónicos, como o sistema de avisos nas saídas das regatas.

E considera que no regulamento de KDM non se debería excluir os deportistas de outras comunidades do Campionato Galego, e que sería suficiente con limitar a súa aparición no pódium de ditos campionatos.

José M. Fernández: en contra do cambio no apartado de sancións, o resto parecelle correcto. Non poñendo reparo a que se leve GPS, reloxo, pulsometro ou cámara.

Antonio Romero: amosa o seu acordo coas propostas presentadas polo Comité de Árbitros, aclarando que no apartado de permitir ou non os reloxos, GPS, etc e de cara a que se recolla no regulamento su se permite ou no, non pronunciándose neste apartado.

Despois das deliberacións dos membr@s da Xunta Directiva, son aceptadas as propostas do Comité de Árbitros, agás o das sancións por irregularidades, que queda como estaba.

E aprobouse a utilización de: GPS, reloxos, cámaras, etc.

Pasando estas modificacións a Comisión Delegada para a súa aprobación definitiva e incorporación nos regulamentos

E sin máis asuntos que tratar, dase por finalizada a data de 20 de xaneiro de 2017.

Visto e Prace Presidente.

Asdo. Félix José Lamas Gondar.

José Alfredo Bea García.

Secretario.

ACTA DA CONSULTA ONLINE DA XUNTA DIRECTIVA DA F.G.P. **22-01-2017**

Con data vinte de xaneiro de dous mil dezasete, realizouse unha consulta online a Comisión Delegada da Federación Galega de Piragüismo con resposta d@s directiv@s que se adxuntan:

Presidente	D. José Alfredo Bea García.
Vicepresidente 1º	
Vicepresidente 2º - Delegado de Pontevedra	D. Angel Barreiro Barreiro.
Responsable árbitros	D. Antonio Romero Vila.
Responsable Kaiak de Mar	D. Carlos Besada Rico.
Responsable Slalom/Augas Bravas	D. Elias Aaron Rey Núñez.
Delegado Provincial Lugo	D. Martín Carballo Méndez.
Delegado Provincial Ourense	D. José M. Fernández Ortega.
Delegado Provincial A Coruña	D. Francisco C. Rodríguez Romero.
Responsable de Prensa	D. Rubén Tobio Eiras.
Vocal 1º	D. Gustavo Adolfo Marcelino Canosa
Vocal 2º	Dona Araceli Menduiña Santome.
Vocal 3º	D. Darío Tiago López.
Representante Deportistas	D. Oscar Graña Blanco.
Asesor Presidente	D. Jaime Corral Barreiro.
Secretario (con voz, pero sen voto)	D. Félix José Lamas Gondar.
Tesoureiro (con voz, pero sen voto)	D. Marcos Cid Pérez.

- En gris, non responderon.

1. Aprobación da adhesión da Federación Galega de Piragüismo o CLUSTER TURISMO DE GALICIA.

2. Nomeamento de José Alfredo Bea García e Jaime Corral Barreiro, como representantes da F.G.P. no Cluster Turismo de Galicia.

Aprobanse os dous puntos tratados, por unanimidade.

E sin máis asuntos que tratar, dase por finalizada a data de 22 de xaneiro de 2017.

Visto e Prace Presidente.

Asdo. Félix José Lamas Gondar.

José Alfredo Bea García.

Secretario

ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DA F.G.P. **02-03-2017**

Na cidade de Pontevedra sendo as 19,35 horas do dous de marzo de dous mil dezasete, reunidos con carácter **ordinario** os señor@s sinalados o comezo da presente acta, todos eles convocados polo Sr. Presidente da Federación Galega de Piragüismo, no local da Federación Galega de Piragüismo sito nas Instalacións Complexo Deportivo David Cal no Pontillón do Castro (Verducido), tomando os seguintes acordos:

Presidente	D. José Alfredo Bea Garcia.
Vicepresidente 1º	
Vicepresidente 2º - Delegado de Pontevedra	D. Angel Barreiro Barreiro.
Responsable árbitros	D. Antonio Romero Vila.
Responsable Kaiak de Mar	D. Carlos Besada Rico.
Responsable Slalom/Augas Bravas	D. Elias Aaron Rey Núñez.
Delegado Provincial Lugo	D. Martín Carballo Méndez.
Delegado Provincial Ourense	D. José M. Fernández Ortega.
Delegado Provincial A Coruña	D. Francisco C. Rodríguez Romero.
Responsable de Prensa	D. Rubén Tobio Eiras.
Vocal 1º	D. Gustavo Adolfo Marcelino Canosa.
Vocal 2º	Dona Araceli Menduiña Santome.
Vocal 3º	D. Darío Tiago López.
Representante Deportistas	D. Oscar Graña Blanco.
Asesor Presidente	D. Jaime Corral Barreiro.
Secretario (con voz, pero sen voto)	D. Félix José Lamas Gondar.
Tesoureiro (con voz, pero sen voto)	D. Marcos Cid Pérez.

- En gris, non responderon.

1.- Aprobación, si procede, das actas das reunión anteriores (04-01-17), (13-01-17), (20-01-17) e (22-01-17).

Aprobanse por unanimidade.

2.- Informe do Tesoureiro.

O tesoureiro da conta do resultado do exercicio económico, pendente da aprobación do seu peche, que dou como un resultado dun beneficio do exercicio 2016 de 91.746.46€.

As contas, coa incorporación da provisión de fondos polas diferencias económicas coa Xunta de Galicia e a R.F.E.P. con un montante de 256.000 €. Reflexando un resultado final de fondos propios duns -210.000€.

A proposta de Rubén Tobio, nas reunión da Xunta Directiva, informarase das facturas e gastos de esta entidade, coa presentación do diario de apuntes.

3.- Informe Presidente.

O presidente informa os membr@s da x.D. que con data 31 de decembro, quedaron saldadas as débedas que se mantiñan cos empregados e cos árbitros.

Quedando pendente o tema da Xunta, para o que hai que reunirse con eles e buscar unha solución a este tema. E por outro lado, temos pendente o da discrepancia económica que seguimos mantendo coa R.F.E.P.

Destaca que sería importante que os clubs se involucren no "Comité da Liga" de cara a estudar o enfoque a seguir as Ligas Galegas e os custos que implicarían o lévalo adiante.

Das subvencións da Xunta por actividade e pola instalación de Verducido, non se teñen novas, nin cando van a pagar, nin as cantidades que corresponde. Dando conta que dende as federacións autonómicas galegas empezase a notar un certo malestar ante esta situación.

En canto o tema da rede de "BasesKDM" e "Sendeiros de Agua", siguese traballando en varios aspectos, páxina web, seguros, etc.

Asimesmo, dou conta de temas xudiciais estando pendente de que se emitan as resolucións dos xuízos que se manteñen coa RFEP, por temas económicos e polo tema das eleccións.

Na reclamación feita polo C.P. Verducido-Pontillón, pola retirada do caseto que usaban como bar; o propio Xuíz do caso reuneuse coas partes e recomendoulle os demandantes que deixaran o caso, quedando estes en pensalo e tomar unha decisión.

Lamenta que ante a paralización dos temas económicos dende a Xunta, obríganos a ter moitos asuntos paralizados: TV, empresa de búsqueda de patrocinios, etc.

4.- Regulamento modalidade KDM (Carlos Besada).

Tratase de aclarar o tema da Copa Sipre, polo que quedará como Premios Copa Sipre. Quedando Carlos Besada de enviar o texto a F.G.P. para a súa revisión; onde se recollar a nova clasificación individual proposta por Cogamar, así como as aportacións que fan os distintos patrocinadores cos que negociou Cogamar.

Este ano será o último que se realice de esta forma, e de cara a temporada 2018, as aportacións dos patrocinadores adaptaranse as Ligas Galegas de Kaiak de Mar (Masculina e Feminina).

Aprobouse por unanimidade

5.- Tema arbitral:

- Cuantía arbitraxes 2017, roupa nova árbitros, curso oficina e programa competicións, criterios nomeamentos árbitros (José Manuel Fernández).

- Proposta adquisición pola F.G.P. dos uniformes para o colectivo arbitral (Antonio Romero).

Toma a palabra o tesoreiro para indicar que se detectou un problema na xustificación dos gastos dos árbitros ante a Xunta de Galicia; xa que esixen que se acompañen os pagos coas facturas correspondentes, que non se cumpriu. O tempo que propón que se fixe unha cuota fixa para o xuíz árbitro eutra cuantía para o resto.

O presidente implemente o exposto polo tesoreiro, indicando que os árbitros deben cobrar polo traballo que desempeñen, si é de xuíz árbitro de xuíz árbitro; e si vai como auxiliar, como auxiliar.

O mesmo tempo dí que hai que mover a todos os árbitros federados, planificar con tempo as regatas e nomeamentos dos árbitros. Poñer a funcionar o Comité de Árbitros, así como as súas normas de funcionamento.

No tema de pagamento dos arbitraxes, ve dúas opción.

- Por kilometraxes e dietas (coas correspondentes xustificacións).
- Cuantía fixa por arbitraxe, sin kilometraxe.

Tamén se prevé a organización de cursos informáticos para os árbitros, de cara a facer a oficina.

Antonio Romero, dí que hai que facer un borrador que recolla as regatas e ver quen está disposto a acudir a cada regata e ver a xente disponible para organizarse.

O presidente, con respecto a equipación dos árbitros, dí que leu a acta da última reunión do colectivo arbitral, que solicitan o pagamento por parte da F.G.P. da roupa de árbitro galego, cando cada un abona o da nacional, non vendo moi normal esta petición. Máis cando este ano hai en Galicia unas seis regatas nacionais e arredor de 80 galegas.

Propoñendo que a F.G.P. abone o 60% da equipación dos árbitros galegos, e o resto do 40% o abone cada árbitro e que se descontarán da primeira regata que arbitren.

Antonio Romero explica que el xa reclamou ante a RFEP, e seguirá reclamando, que se fagan cargo da roupa dos árbitros. O tempo que da conta, de que vai levar estes temas arbitrais a reunión do colectivo que se vaia a celebrar o vindeiro día 11 de marzo.

6.- Asuntos varios:

- Seguindo coa liña da F.G.P. de axuda a clubs con dificultades, pero non aportando cartos. O presidente propón a concesión de unha axuda de 1.500 € os clubs: Quixos, Tambo e Depornautic; que quedaran exentos de pago de licenzas e outros a F.G.P., ate chegar a esa cuantía.

Aprobouse por unanimidade.

- Escrito presentado polo Club Altruan de Ribadeo, onde solicita o pago por parte da F.G.P. de 144,55 € por gastos ocasionados pola asistencia o Campionato Galego de Inverno 2016, que foi anulado polo mal tempo, sin previo aviso.

Aprobouse por unanimidade, e informáraselle o club da anotación que se fará na súa conta na F.G.P.

- O Presidente solicita a aprobación da Xunta Directiva para a incorporación da Federación Galega de Piragüismo a Unión de Federacións Deportivas Galegas.

Aprobase por unanimidade.

- Antonio Romero presenta o documento que deberán cubrir os clubs nas regatas cando algún deportista non poida acudir o pódium a recollida de premios (anexo I) tal e como se recolle nos Regulamentos aprobados pola Asamblea.

A Xunta Directiva dase por enterada.

E sin máis asuntos que tratar, dase por finalizada cando son as 22,50 h.

Visto e Prace Presidente.

Asdo. Félix José Lamas Gondar.

José Alfredo Bea García.

Secretario

ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DA F.G.P.

28-03-2017

Na cidade de Pontevedra sendo as 20,25 horas do vinte oito de marzo de dous mil dezasete, reunidos con carácter **ordinario** os señor@s sinalados o comezo da presente acta, todos eles convocados polo Sr. Presidente da Federación Galega de Piragüismo, no local da Federación Galega de Piragüismo sito nas Instalacións Complexo Deportivo David Cal no Pontillón do Castro (Verducido), tomando os seguintes acordos:

Presidente	D. José Alfredo Bea Garcia.
Vicepresidente 1º	
Vicepresidente 2º - Delegado de Pontevedra	D. Angel Barreiro Barreiro.
Responsable árbitros	D. Antonio Romero Vila.
Responsable Kaiak de Mar	D. Carlos Besada Rico.
Responsable Slalom/Augas Bravas	D. Elias Aaron Rey Núñez.
Delegado Provincial Lugo	D. Martín Carballo Méndez.
Delegado Provincial Ourense	D. José M. Fernández Ortega.
Delegado Provincial A Coruña	D. Francisco C. Rodríguez Romero.
Responsable de Prensa	D. Rubén Tobio Eiras.
Vocal 1º	D. Gustavo Adolfo Marcelino Canosa.
Vocal 2º	Dona Araceli Menduiña Santome.
Vocal 3º	D. Darío Tiago López.
Representante Deportistas	D. Oscar Graña Blanco.
Asesor Presidente	D. Jaime Corral Barreiro.
Secretario (con voz, pero sen voto)	D. Félix José Lamas Gondar.
Tesoureiro (con voz, pero sen voto)	D. Marcos Cid Pérez.

- En gris, non responderon.

1.- Aprobación, si procede, da acta da reunión anterior (02-03-17).

Aprobase por unanimidade.

2.- Informe Presidente

O presidente da conta da reunión mantida en Santiago, convocada dende a Secretaría Xeral para o Deporte, coa asistencia de (ademais del) de Tono Barreiro e Félix Lamas.

Onde tamén acudeu unha representación do C.P. Verducido, que acudiron acompañados por unha abogada.

Os representantes da F.G.P. fixeron ademán de abandonar a reunión o ver unha letrada pola parte do C.P. Verducido, cuestión da que non fomos avisados.

O Subdirector aclarou que no se iba a decidir nada nesa reunión, e que solo era para leer e informar do convenio das instalación de Verducido, tendo logo un prazo para presentar as partes as alegacións que estimasen oportunas.

Tamén da conta mantida na S.X. para o Deporte polo tema das subvencións para a tempada 2017, a que asistiu acompañado polo tesoreiro.

Informando que na presente tempada a Xunta concedenos unha axuda por actividade de 258.000€ e por Verducido 105.000€, e que non tiñan de onde sacar máis.

Nesa reunión deixaronlle claro, por mor de ser novos no cargo, aceptase; pero si o vindeiro ano non hai unha mellora no convenio poderíamos deixar a instalación de Verducido, e a posible nova concesionaria debería subrogar os empregados contratados ao efecto.

O novo subdirector comprometeuse a mirar a posibilidade de mellora, e sentarse antes do mes de outubro para negociar os dous convenios de cara o 2018.

Polo que o presidente propón os membros da Xunta Directiva asinar os convenios coa S.X. para o deporte, condicionados as melloras nas condicións económicas nos convenios da vindeira temporada, que deberán recoller melloras nas partidas nas que se producen déficit as F.G.P. (Verducido e CGTD).

A proposta aceptase por unanimidade.

Logo toca o tema da RFEP coa factura co Concello de Pontevedra, coa que federación nacional amenaza coa retirada da organización do campionato de España de Pista senior Xuvenil que concedeu a FGP.

O presidente propón que, si motivado polo impago do Concello de Pontevedra de unha factura que lle reclama a RFEP, esto conleve que lle retire a organización de este Campionato de España a FGP.

A FGP tomará todas as medidas administrativas e penais contra a RFEP e os membros da XD da mesma; o tempo que se reclamarán os perxucios económicos a FGP e os clubs galegos, que se pudesen producir de tomar se esta medida.

E solicitarase o secretario da RFEP que notifique a todos os membros da Xunta Directiva, que informe de esta toma de decisión para que estean o corrente.

Esta proposta e aprobada por unanimidade, considerando que se debe agardar un tempo prudencial de uns 10 días, agardando unha resposta da RFEP os escritos xa enviados sobre este asunto.

Asimesmo, o presidente informa de que o avogado da FGP interpondrá recurso anta o TAS, polos porcentaxes de licenzas das diferentes autonomía expostos na asamblea Xeral da RFEP para a votación do aumento no prezo da licenza única. Sin preguntar previamente as federacións autonómicas o número de licenzas tramitadas por cada unha, polo que os datos expostos foron erróneos e condicionaron o resultado da votación.

No tema do SUP, o presidente informa que fomos denunciados pola federación galega de surf, ante o que eles consideran unha entromisión nas súas funcións o organizar actividades de SUP.

Da conta dunha visita a nosa sede por parte do presidente da federación de surf, onde viñeron a falar de este asunto pero nos se lle dou a razón, xa que consideramos que o SUP, e así o considera a nosa federación internacional, é piragüismo.

Hai uns días recibimos un requerimento do TSXD de Galicia, para que presentamos as alegacións oportunas ante a denuncia presentada pola federación de surf. Ante o que se vai a respostar a través do noso avogado, coa extensa documentación aportada dende a federación internacional.

Tamén da conta da reunión mantida polos árbitros, onde se falou da equipación dos mesmos. Non considerando lóxico que se xustifique e pague dende a Xunta os gastos de arbitraje e non se estén levando os seus logos na equipación, máis aínda, cando piden para a xustificación da imaxe.

Antonio Romero explica que no seu día se unificaron as equipacións dos árbitros de todo o estado, para ter todos a mesma. Polo que os árbitros xa teñen toda a equipación da española, polo que habería que facilitar a equipación dos árbitros novos.

O presidente propón, que para a equipación dos árbitros; se faga un polo verde que leve os logos da española, pero tamén os da galega e da Xunta. E tamén unha camiseta galega, sin anagrama da española, co deseño xa tratado, e que será a que se terá que usar nas competicións galegas. (ademais do pantalón, cazadora).

Para a compra de esta equipación a FGP aportará o 60% do seu custo, e o árbitro aportará o 40% restante, que se lle descontará dos arbitrajes.

Para os pagos dos arbitrajes falouse dun gasto fixo sin kilometraje, ou con kilometraje; e o estamento arbitral prefiren con kilometraje.

O presidente di que sería bo recomendar que o desprazamento e kilometraje máximo dun árbitro sexa 150 Km (por dous ida+volta), quedando esta “recomendación2 a proba un ano, de non salir ben, aplicariase como unha norma.

Antonio Romero comenta que os arbitrajes vense designar según o sitio on que se realice, e que está a falar e reuníndose cos árbitros para ir facendo as designacións das regatas.

3.- Informe Tesoreiro e Peche Económico 2016

Envíase previamente os membros da Xunta Directiva o “Balance de Situación” (anexo I) 2 a “Comparativa Orzamento – PyG 2016” (anexo II).

Previo a esta reunión da X.D. tivo lugar a reunión da Comisión Delegada, que por delegación da Asamblea xeral aprobou o peche económico de 2016. Informando do mesmo o tesoreiro e dando conta e explicación das contas presentadas.

A Xunta Directiva dáse por enterada.

4.- Información e aprobación, das axudas para destramentos de deportistas dentro do “Proxecto Tokio 2020” para o ano 2017.

Unha vez que dende a Secretaría Xeral para o Deporte, dentro do convenio 2017, inclúese a partida de 22.000 € para deportistas galegos de alto nivel, recollidos na lista do “Proxecto Tokio 2020” e non poñendo ningún condicionante para realizar este reparto (no pasado ano obrigaban a entregar parte desta axuda directamente os

deportistas). Esta partida incrementase ata os 25.000€, con 3.000€ e que asumirá a F.G.P.

De cara a unha maior independencia e criterio, e o mesmo tempo ofrecendo a maior transparencia. Solicitouse a Comisión Técnica que realizase un reparto de estas axudas, dirixidas os clubs que teñen deportistas que adestran fora de grupos de adestramentos e realizan o esforzo dende os seus clubs, adestrando “na casa”.

Realizando o reparto en base a un ranking e criterios deportivos, confeccionando a seguinte lista e reparto (Anexo III), que se traslada @s membr@s da Xunta Directiva para a súa información e aprobación definitiva.

Oscar Graña amosa a súa disconformidade con nomes de deportistas que saen na lista, considerando falta de criterio de que fixo tales designacións, polo que está en contra.

O presidente aclara que as axudas son para os clubs, para axudar na preparación dos deportistas, non son axudas a nivel individual. Non entrando na valoración que foi realizada pola Comisión Técnica e o listado foi confirmado pola Secretaría Xeral para o deporte.

Informando que tamén se pretende facer un reparto para axudar nos adestramentos de clubs con deportistas de modalidades non olímpicas.

Martín Carballo e Gustavo Marcelino consideran que non teñan suficiente información neste asunto e vanse a abster.

Araceli Mendiña e Francisco C. Rodríguez, están de acordó con Oscar Graña e discrepan de nomes que aparecen na lista; pero apoian a o presentado pola Comisión Técnica.

Os demais consideran que hai apoiar o traballo que realiza a Comisión Técnica.

A lista sae aprobada a lista e reparto presentado pola Comisión Técnica, por 8 votos a favor, 1 en contra e 2 abstencións.

5.- Creación da empresa da F.G.P. para a xestión da rede “BasesKDM” e “Senderos de Agua”.

Tal e como se falou en varias reunións, imos dar de alta a empresa da F.G.P. para a xestión da rede de "BasesKDM" e "Senderos de Agua", polo que se acordan os seguinte puntos:

1º) Constituir unha sociedade limitada unipersoal, cúa denominación será BASESKDM Y SENDEROS DE AGUA S.L., e cuio obxeto social estará constituído polas actividades deportivas e de entretemento relacionadas co piragüismo e actividades afíns ou complementarias, así como a coordinación de establecementos turísticos adicados a esas actividades.

2º) Establecer o dominio social en Centro Deportivo David Cal, Pontillón do castro, Verducido, Pontevedra.

3º) Aportar o capital social para a constitución de nomeada sociedade por importe de 3.010,00€.

4º) Apoderar o Presidente da Federación para que putotgue cantos documentos sexan precisos para a constitución e posta en funcionamento da sociedade, para que a represente nas reunión da súa xunta xeral e para que desempeñe o cargo de administrador da mesma.

6.- Rogos e preguntas.

Carlos Besada recorda que quedan pendentes os convenios do kaiak de mar, con: Waira, Adrio e Nauticalia.

O presidente informa que se contactou con varias empresas de pantaláns desmontables para levar as regatas que se necesiten.

Contactou con Chicolino, que a través de Barracuda, que realiza este tipo de infraestructuras e, esta disposto a colaborar ou patrocinar coa FGP.

José M. Fernández, informa de que existen os fondos europeos “Fondos Agader” para o desenrolo rural; que son similares o GALP (acción costeira) e que poden solicitarse para o tema de “Senderos de Agua”.

E sin máis asuntos que tratar, dase por finalizada cando son as 22,50 h., dando fe de todo o recollido e asino a presente co visto e praxe do Presidente.

Visto e Praxe Presidente.

Asdo. Félix José Lamas Gondar.

José Alfredo Bea García.

Secretario

ACTA DA REUNIÓN ONLINE REALIZADA POLA XUNTA DIRECTIVA DA F.G.P. 06-04-2017

Con data seis de abril de dous mil dezasete, realizouse unha consulta online a Xunta Directiva da Federación Galega de Piragüismo con resposta d@s directiv@s que se adxuntan:

Presidente	D. José Alfredo Bea Garcia.
Vicepresidente 1º	
Vicepresidente 2º - Delegado de Pontevedra	D. Angel Barreiro Barreiro.
Responsable árbitros	D. Antonio Romero Vila.
Responsable Kaiak de Mar	D. Carlos Besada Rico.
Responsable Slalom/Augas Bravas	D. Elías Aaron Rey Núñez.
Delegado Provincial Lugo	D. Martín Carballo Méndez.
Delegado Provincial Ourense	D. José M. Fernández Ortega.
Delegado Provincial A Coruña	D. Francisco C. Rodríguez Romero.
Responsable de Prensa	D. Rubén Tobio Eiras.
Vocal 1º	D. Gustavo Adolfo Marcelino Canosa.
Vocal 2º	Dona Araceli Menduiña Santome.
Vocal 3º	D. Darío Tiago López.
Representante Deportistas	D. Oscar Graña Blanco.
Asesor Presidente	D. Jaime Corral Barreiro.
Secretario (con voz, pero sen voto)	D. Félix José Lamas Gondar.
Tesoureiro (con voz, pero sen voto)	D. Marcos Cid Pérez.

- En gris, non respostaron a consulta feita online.

1.- Información e aprobación, das axudas a deportistas dentro do “Proxecto Tokio 2020” para o ano 2017.

Unha vez que dende a Secretaría Xeral para o Deporte, dentro do convenio 2017, inclúese a partida de 22.000 € para deportistas galegos de alto nivel, recollidos na lista do “Proxecto Tokio 2020” e non poñendo ningún condicionante para realizar este reparto (no pasado ano obrigában a entregar parte desta axuda directamente os deportistas). Esta partida incrementábase ata os 25.000€, con 3.000 e que asumirá a F.G.P.

De cara a unha maior independencia e criterio, e o mesmo tempo ofrecendo a maior transparencia. Solicitouse a Comisión Técnica que realizase un reparto de estas axudas, dirixidas a deportistas que adestran fora de grupos de adestramentos e realizan o esforzo dende os seus clubs, adestrando “na casa”.

Realizando o reparto en base a un ranking e criterios deportivos, confeccionando a seguinte lista e reparto (Anexo I), que se traslada @s membr@s da Xunta Directiva para a súa información e aprobación definitiva.

Oscar Graña considera unha falla de criterio a inclusión de algún dos nomes que aparecen na lista.

Fredi Bea explica que se trara de unha axuda os clubs para a preparación dos deportistas, non se trata de unha axuda individual os deportistas, non entrando na valoración e os nomes que aparecen (lista que foi confirmada no seu día pola S.X. para o Deporte); xa que foi realizada pola Comisión Técnica da F.G.P.

Rubén Tobio non esta de acordo co aumento da cuantía por parte FGP, e tamén opina que na lista hai nomes que, na súa opinión, non deberían de estar. Pero considera que hai que apoiar a independencia da labor que está a facer a Comisión Técnica, polo apoia a proposta.

Martin Carballo e Gustavo A. Marcelino, indican que se van a abster o considerar que non contan co suficiente coñecemento para tomar unha decisión neste asunto.

Aprobase este punto con: 7 votos a favor, 2 abstencións e 1 voto en contra.

2.- Aprobación da creación da empresa para a xestión da rede de "BasesKDM" y "Senderos de Agua".

Tal e como xa se falou en varias reunións, imos dar de alta a empresa da F.G.P. para a xestión da rede de "BasesKDM" e "Senderos de Agua". Polo que solicitamos a aprobación dos seguintes puntos, cuestión imprescindible para poder seguir dando pasos cara adiante neste importante asunto.

1º) Constituir unha sociedade limitada unipersonal cuxa denominación será "BASES KDM Y SENDEROS DE AGUA S.L." e cuxo obxeto social estará constituído polas actividades deportivas de entretemento relacionadas co piragüismo e actividades afíns ou complementarias, así como a coordinación de establecementos dedicados a esas actividades.

2º) Establecer o domicilio social en Centro Deportivo David Cal, Pontillón do Castro, Verducido, Pontevedra.

3º) Achegar o capital social para a constitución de dicha sociedade por importe de 3.010,00 €.

4º) Apoderar ao Presidente da Federación para que outorgue cuantos documentos sexan precisos para a constitución e posta en funcionamento da sociedade, para que a represente nas reunións da súa xunta xeral je para que desempeñe o cargo de administrador único da mesma.

Aprobase este punto, por unanimidade.

E sin máis asuntos que tratar, dase por finalizada a data de 06 de abril de 2017.

Visto e Prace Presidente.

Asdo. Félix José Lamas Gondar.

José Alfredo Bea García.

Secretario.

ACTA DA REUNIÓN ONLINE REALIZADA POLA XUNTA DIRECTIVA DA F.G.P. 26-05-2017

Con data vinteseis de maio de dous mil dezasete, realizouse unha consulta online a Xunta Directiva da Federación Galega de Piragüismo con resposta d@s directiv@s que se adxuntan:

Presidente	D. José Alfredo Bea Garcia.
Vicepresidente 1º	
Vicepresidente 2º - Delegado de Pontevedra	D. Angel Barreiro Barreiro.
Responsable árbitros	D. Antonio Romero Vila.
Responsable Kaiak de Mar	D. Carlos Besada Rico.
Responsable Slalom/Augas Bravas	D. Elías Aaron Rey Núñez.
Delegado Provincial Lugo	D. Martín Carballo Méndez.
Delegado Provincial Ourense	D. José M. Fernández Ortega.
Delegado Provincial A Coruña	D. Francisco C. Rodríguez Romero.
Responsable de Prensa	D. Rubén Tobio Eiras.
Vocal 1º	D. Gustavo Adolfo Marcelino Canosa.
Vocal 2º	Dona Araceli Menduiña Santome.
Vocal 3º	D. Darío Tiago López.
Representante Deportistas	D. Oscar Graña Blanco.
Asesor Presidente	D. Jaime Corral Barreiro.
Secretario (con voz, pero sen voto)	D. Félix José Lamas Gondar.
Tesoureiro (con voz, pero sen voto)	D. Marcos Cid Pérez.

- En gris, non respostaron a consulta feita online.

1.- Solicitud do C.P. Vilaboa para cambio da súa puntuación por "causa maior", na Regata de Infantís de A Veiga.

O C.P. Vilaboa solicita que se rectifique a súa puntuación da Regata de Infantís celebrada en A Veiga, o non poder participar na mesma por "causa maior", por un error provocado polo GPS, chegando o lugar de celebración cando xa rematara a regata.

Por orden do Presidente da F.G.P., achegase un Informe do Secretario (anexo I) sobre este asunto.

Aprobouse este punto, con oito votos a favor, e un voto en contra (Araceli Menduiña).

E sin máis asuntos que tratar, dase por finalizada a data de 26 de maio de 2017.

Visto e Prace Presidente.

Asdo. Félix José Lamas Gondar.

José Alfredo Bea García.

Secretario.

ACTA DA REUNIÓN ONLINE REALIZADA POLA XUNTA DIRECTIVA DA F.G.P. 02-06-2017

Con data dous de xuño de dous mil dezasete, realizouse unha consulta online a Xunta Directiva da Federación Galega de Piragüismo con resposta d@s directiv@s que se adxuntan:

Presidente	D. José Alfredo Bea Garcia.
Vicepresidente 1º	
Vicepresidente 2º - Delegado de Pontevedra	D. Angel Barreiro Barreiro.
Responsable árbitros	D. Antonio Romero Vila.
Responsable Kaiak de Mar	D. Carlos Besada Rico.
Responsable Slalom/Augas Bravas	D. Elías Aaron Rey Núñez.
Delegado Provincial Lugo	D. Martín Carballo Méndez.
Delegado Provincial Ourense	D. José M. Fernández Ortega.
Delegado Provincial A Coruña	D. Francisco C. Rodríguez Romero.
Responsable de Prensa	D. Rubén Tobio Eiras.
Vocal 1º	D. Gustavo Adolfo Marcelino Canosa.
Vocal 2º	Dona Araceli Menduiña Santome.
Vocal 3º	D. Darío Tiago López.
Representante Deportistas	D. Oscar Graña Blanco.
Asesor Presidente	D. Jaime Corral Barreiro.
Secretario (con voz, pero sen voto)	D. Félix José Lamas Gondar.
Tesoureiro (con voz, pero sen voto)	D. Marcos Cid Pérez.

- En gris, non respostaron a consulta feita online.

1.- Aprobación do “Proxecto para Deporte en Idade Escolar”

Propónse a debate e aprobación o “Proxecto para Deporte en Idade Escolar”.

Este proxecto vai dirixido a captación para o noso deporte de rapaces e rapazas das categorías. benxamín, alevín e infantil.

Os clubs que estén interesados neste proxecto, deberano comunicar por escrito a F.G.P.

- Este proxecto incluírá: actividades, portas abertas, etc, dirixidas a rapaces e rapazas das mencionadas idades.

- Constará de tres “etapas”, de unha duración de unha semana cada unha nos meses de xullo, agosto e setembro.

- As “etapas” serán as mesmas para todos os clubs, xa que dende a F.G.P. farase publicidade das mesmas a nivel galego, onde se incluíran os clubs os que se poderán dirixir @s interesados.

- A hora de facer a actividade, os clubs deberán facer e abonar a licenza d@s asistentes a estas xornadas.

- Unha vez realizada a actividade e, en función das licenzas tramitadas; a F.G.P. asinará un convenio con cada club participante, co cal se afrontará o pago das ditas licenzas en base a este “Proxecto para Deporte en Idade Escolar”.

- Estase a estudar o programa e datas destas “etapas” ou xornadas, en función do calendario de regatas.

Marcos Cid (tesoureiro): Eu só teño voz non voto e como tal dou a miña opinión. Para min é unha boa idea pero que se debería mirar con tempo o próximo ano para remitir cartelería os colexios antes de que finalice o curso escolar. Facer estes proxectos con tempo adecuado, sabendo os clubs que queren participar, os medios de que dispoñen, horarios de impartición dos cursos, etc... poden axudar moito para que incremente o número de licencias de deportistas en idade escolar. Se a maiores contamos coas bases e empresas privadas adheridas as bases, temos un proxecto moi bó entre mans.

Ademáis en provincias con dispersión demográfica como Lugo e Ourense poderíase contar co apoio dos concellos para o desenrolo destas actividades, sendo estes os que financien os desprazamentos dos rapaces durante esa semana ou que abonen unha tarifa os clubs ou empresas das bases por os cursos realizados, se a impartición dos mesmos require de desprazamento de material.

Tanto Darío Tiago e Aracelí Mendiña, piden que este proxecto sexa ben explicado os clubs, para evitar confusións.

Antonio Romero: aparte da aportación da FGP, clubs, institucións educativas e políticas, creo que deberíamos contar coa participación dos nosos piragüistas de élite. Achegándose as escolas para os cativos/as serían ídolos a imitar “positivamente”

Aprobase este punto, por unanimidade.

E sin máis asuntos que tratar, dase por finalizada a data de 02 de xuño de 2017.

Visto e Prace Presidente.

Asdo. Félix José Lamas Gondar.

José Alfredo Bea García.

Secretario.

ACTA DA REUNIÓN ONLINE REALIZADA POLA XUNTA DIRECTIVA DA F.G.P. 16-08-2017

Con data dezaseis de agosto de dous mil dezasete, realizouse unha consulta online a Xunta Directiva da Federación Galega de Piragüismo con resposta d@s directiv@s que se adxuntan:

Presidente	D. José Alfredo Bea Garcia.
Vicepresidente 1º	
Vicepresidente 2º - Delegado de Pontevedra	D. Angel Barreiro Barreiro.
Responsable árbitros	D. Antonio Romero Vila.
Responsable Kaiak de Mar	D. Carlos Besada Rico.
Responsable Slalom/Augas Bravas	D. Elias Aaron Rey Núñez.
Delegado Provincial Lugo	D. Martín Carballo Méndez.
Delegado Provincial Ourense	D. José M. Fernández Ortega.
Delegado Provincial A Coruña	D. Francisco C. Rodríguez Romero.
Responsable de Prensa	D. Rubén Tobio Eiras.
Vocal 1º	D. Gustavo Adolfo Marcelino Canosa.
Vocal 2º	Dona Araceli Menduiña Santome.
Vocal 3º	D. Darío Tiago López.
Representante Deportistas	D. Oscar Graña Blanco.
Asesor Presidente	D. Jaime Corral Barreiro.
Secretario (con voz, pero sen voto)	D. Félix José Lamas Gondar.
Tesoureiro (con voz, pero sen voto)	D. Marcos Cid Pérez.

- En gris, non respostaron a consulta feita online.

1º.- RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO POLA QUE SE OUTORGA A CONCESIÓN DO COMPLEXO NÁUTICO E CAMPO DE REGATAS DAVID CAL EN VERDUCIDO, PORTILLÓN DE CASTRO – PONTEVEDRA, A FAVOR DA GALEGA D E PIRAGÜISMO

O pasado venres 11 de agosto, o Presidente acudeu a sede da Secretaria Xeral para o Deporte, para asinar o convenio da concesión a esta federación, das instalacións do Complexo Deportivo David Cal de Verducido.

Polo que se propón os membr@s da Xunta Directiva, a ratificación de dito convenio.

A Xunta Directiva ratifica por unanimidade, a sinatura de este convenio coa Secretaria Xeral para o Deporte.

2º.- RATIFICACIÓN DO ACORDO ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO E O CLUB PIRAGÜISMO VERDUCIDO.

No acto citado no anterior punto, o Presidente tamén asinou o acordo entre a FGP e o Club Piragüismo Verducido, no que se lle permite a este club o uso de unhas zoas do Complexo Deportivo David Cal, que veñén recollidas no devandito acordo.

Propónse os membr@s da Xunta Directiva a ratificación de este convenio, pero pendente do informe e aprobación previa da Secretaría Xeral para o Deporte. En base o Convenio de concesión da instalación asinado entre a FGP e a SX para o Deporte; onde na cláusula cuarta.- “Obrigas da Federación Galega de Piragüismo”, no seu apartado n) dí: *A non ceder o uso dos bens nin do complexo sen aprobación previa da secretaria Xeral para o Deporte.*

A Xunta Directiva ratifica por unanimidade, a sinatura de este convenio co Club Piragüismo Verducido-Pontillón; pendente de solicitar a pertinente autorización da Secretaría Xeral para o Deporte.

3º ELECCIÓN DO NOVO PRESIDENTE DO COMITÉ GALEGO DE KAIK DE MAR/SUP.

Tras a renuncia de Carlos Besada a presidencia do Comité Galego de Kaiak de mar/SUP; por remate do seu mandato. Durante a celebración do Campionato Galego de Kaiak de Mar/SUP celebrado en Cabanas o pasado día seis de agosto; aproveitaron para manter unha reunión dos membros de este Comité para tratar o asunto de *Renovación Presidente COGAMAR*, saíndo dúas candidaturas para este cargo:

- D. Darío Tiago López do Club Kayak de Vigo.
- D. Rodrigo Navarro do Club Piragüismo Viveiro.

Decidindo nesta reunión pasar as candidatura o Presidente da FGP para que tome unha decisión entre as dúas candidaturas.

O Presidente da traslado os membr@s da Xunta Directiva para que realicen unha votación para a elección do presidente do Comité Galego de Kaiak de Mar/SUP, entre as dúas candidatura presentadas.

De cara a manter o segredo da votación, podedes enviar un correo directamente o secretario, sin ter que respostar a tod@s.

Depois de realizada esta votación, sae elixido como novo Presidente do Comité Galego de Kaiak de Mar/SUP. D. Darío Tiago López, sendo o resultado da votación o seguinte:

- D. Dario Tiago López: 5 votos.
- D. Rodrigo Navarro: 1 voto.
- 3 abstencións.

E sin máis asuntos que tratar, dase por finalizada a data de 16 de agosto de 2017.

Visto e Prace Presidente.

Asdo. Félix José Lamas Gondar.

José Alfredo Bea García.

Secretario.

ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDONARIA REALIZADA POLA XUNTA DIRECTIVA DA F.G.P. 16-08-2017

Con data trinta e un de agosto de dous mil dezasete, realizouse unha consulta online a Xunta Directiva da Federación Galega de Piragüismo con resposta d@s directiv@s que se adxuntan:

Presidente	D. José Alfredo Bea Garcia.
Vicepresidente 1º	
Vicepresidente 2º - Delegado de Pontevedra	D. Angel Barreiro Barreiro.
Responsable árbitros	D. Antonio Romero Vila.
Responsable Kaiak de Mar	D. Carlos Besada Rico.
Responsable Slalom/Augas Bravas	D. Elias Aaron Rey Núñez.
Delegado Provincial Lugo	D. Martín Carballo Méndez.
Delegado Provincial Ourense	D. José M. Fernández Ortega.
Delegado Provincial A Coruña	D. Francisco C. Rodríguez Romero.
Responsable de Prensa	D. Rubén Tobio Eiras.
Vocal 1º	D. Gustavo Adolfo Marcelino Canosa.
Vocal 2º	Dona Araceli Menduiña Santome.
Vocal 3º	D. Darío Tiago López.
Representante Deportistas	D. Oscar Graña Blanco.
Asesor Presidente	D. Jaime Corral Barreiro.
Secretario (con voz, pero sen voto)	D. Félix José Lamas Gondar.
Tesoureiro (con voz, pero sen voto)	D. Marcos Cid Pérez.

- En gris, non respostaron a consulta feita online.

1º.- INFORME PRESIDENTE, TEMAS ECONÓMICOS.

O tesoreiro da conta do envío os membros da XD de diferente información económica, como as facturas recibidas, ou a conta de perdas e ganancias provisional, (Anexo I, Anexo II e Anexo III).

Pola súa parte o presidente, recorda que o 6 de setembro celebrase o xuízo polo Recurso de Apelación presentado polo tema da reclamación da débeda da RFEP.

Siguese negociando coa Xunta de cara o vindeiro ano; e no tema do maltrato que está a recibir Galicia da RFEP; fíxoselle ver a S.X. que é real e, están preparando un dossier para enviar o CSD. Para reclamar que dende a RFEP se invirta en Galicia, inversión que sexa acorde co que se está a invertir no noso deporte dende a propia Xunta e a FGP.

Como resumen da súa intervención, o presidente indicou que en liñas xerais e o tema económico vai ben.

No tema da elección do novo presidente do Comité Galego de Kaiak de Mar/SUP, o presidente deixou esta competencia en man da XD, que por votación elixeu (entre os dosu candidatos porpostos) a Darío Tiago como novo presidente.

O presidente acepta esta decisión e dalle outra oportunidade o elixido, pero que si se encontra outra actuación que considere desleal, tomará a decisión que considere oportuna nese momento.

2º.- TEMAS ARBITRAIS, INCIDENCIAS ÚLTIMAS REGATAS.

A raíz do sucedido nas últimas regatas (Princesa de Asturias e Descenso do Miño de Tui), o presidente mantivo unha reunión con unha representación dos árbitros: Antonio Romero Vila (presidente do Comité) e José M. Sánchez Moure; onde se trasladaron diversas preocupacións e propostas por ambas partes, así como o recoñecemento de que se cometeron erros.

Dende o colectivo arbitral recoñecen que teñen que realizar un mellor traballo, pero o mesmo tempo piden o apoio e defensa da Xunta Directiva.

Asimismo, pretendese levar adiante durante o inverno (cubriendo a FGP os gasots de asistencia): cursos, charlas, reunións, etc, para formación e reciclaxe dos árbitros, os que non asistan, logo terán máis complicado o poder arbitrar durante a tempada.

Tamén se pide que se trabaille máis no programa de regatas, para correxir os posibles problemas e erros; y trasladarán outras melloras por escrito para o seu estudio.

Antonio Romero informa que o Comité de Árbitros reunese varias veces, para tratar diversos asuntos e facer nombramentos arbitrais para distintas regatas.

Opina que os árbitros o están facendo medianamente ben, aínda que se están a cometer algúns erros.

No tema do programa de regatas, explica como exemplo, que cando se sanciona con un minuto e aplícalo na clasificación, non sale reflexado na clasificación, e este erro imputanllo os árbitros, cando non é competencia dos mesmos. Recordando tamén, que moitos árbitros están en formación.

Coméntanse diversas melloras a aplicar en diferentes regatas en base a erros que se cometeron en varios aspectos.

3º.- INFORME SECRETARIO – ACTAS REGATAS 2º TRIMESTRE.

Informe do secretario (anexo IV), enviado previamente a tódolos membros da XD, das regatas celebradas no 2º semestre; a primeira I Regata Provincial de A Coruña, As Pontes 09/04/2017 ata a última, IV Competición da Liga Galega de Promoción de Slalom, Ribadumia 25/06/2017.

No informe recollense as incidencias recollidas polo equipo arbitral nas actas das diferentes regatas. Acordándose notificar ós organizadores os erros detectados nas diferentes regatas. Así mesmo, envíanse notificacións aos clubs que veñan recollido que tiveron algunha incidencia na súa participación nas regatas: non asistencia a entrega de trofeos e outros. Indicándolles ademais, que é só un aviso; e que a vindeira tempada tomaranse medidas.

4º.- NOVA MODALIDADE – SEAWALK PADDLE.

O presidente informa do traslado por parte de Jaime Corral, do interese de asumir como nova modalidade da nosa federación, o “seawalkpaddle”. Nova modalidade que esta tendo bastante aceptación en diversos lugares de Europa.

O ser de nova creación e non pertencer a ningunha federación, váise soliciar a Xunta de Galicia como actividade de piragüismo.

5º.- SOLICITUDE AXUDA CLUB – PRINCESA DE ASTURIAS.

Dende o Club Los Duendes de Salamanca, solicitan información por si lles corresponde algún tipo de subvención por ter participado na regata Trofeo Princesa de Asturias; por competir con dúas deportistas que formaron barco mixto con outras dúas deportistas de diferentes clubs.

Acordando respostarlle, que por parte da organización da regata Trofeo Princesa de Asturias non estaban contempladas subvencións a clubs ou a deportistas. Valorando a posibilidade de incluílas en próximas edicións.

E sin máis asuntos que tratar, dase por finalizada cando son as 22,15 h.

Visto e Prace Presidente.

Asdo. Félix José Lamas Gondar.

José Alfredo Bea García.

Secretario.